



Parlamento das Letras: Berta Dávila

Publicado o [12/06/2013](#)

Berta Dávila vive a literatura supurando nas costuras. O seu é a indagación, rabuñar na derme ata facer ferida, revelar os fracasos, a asunción consecuenta de que a escrita é sisífrica por propia natureza e que non vencer non significa, necesariamente, existir demediad@, senón máis ben ser outr@ en plenitude consciente.

A poética do corpo baleiro, da evisceración do eu na procura de sentido, mergullar nos adentros, ata atopar a raíz da fenda. Nese nadir prófugo habitan os versos de Dávila, labrados e laborados por mans de ourive, o alento de quen le e rele ata a extenuación, esmoucando verbas coma quen cerna no sámagos dos días.

A poeta confabularia bailou con Vian na tumba dunha narración, soubo da arte do fracaso e das minervas outras. Por iso a súa voz soa nova e anterga a un tempo e, sempre, oportuna na enunciación e a prognose.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Os primeiros textos foron publicados a partir de certames escolares que editaban un volume conxunto de premiados, como o premio Minerva ou o do Concello de Ames, cando estudaba bacharelato, lembro con moito afecto aqueles certames, a sensación estraña de ver os primeiros poemas no papel.

O primeiro volume individual, *Corpo baleiro*, chegou da man de Miguel Anxo Fernán Vello en Espiral Maior, no 2007. Foi para min moi emocionante que apostase por aquel libro, todo o proceso de revisión, os consellos e o cariño co que tratou o poemario. Creo que é certo que a experiencia do primeiro libro é irrepitible.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Sempre recibín as recensións sobre os meus libros con moita gratitude e respecto por quen adica as súas palabras e o seu tempo a un texto meu. Penso que cómpre facelo así, e ademais considérome realmente afortunada en que a crítica valorase positivamente acertos nos meus traballos. A primeira crítica que lin de *Corpo baleiro*, de Román Raña, provocou en min unha fonda sensación de abraio e gratitude, lembro que remataba dicindo: “libro racional e emocional, de humanas proporcións, agudo e limpo”. É unha frase que ficou gravada na miña memoria.

Ás veces acontece que non coinciden as propias valoracións coas dos lectores. Por exemplo, teño unha experiencia moi grata coa lectura de poemas de *Dentro* con adolescentes. Os textos de

Dentro, e tamén os fragmentos de *Bailarei sobre a túa tumba*, cando tiver a oportunidade de compartilos con eles, son os que máis lles gustan, aínda que sexan os que menos me gustan a min. Notei que se emocionaban ou que se divertían, e esa sensación é impagable.

Creo que o meu mellor traballo narrativo publicado ata o momento é un relato longo, “A primeira pedra”, que forma parte do volume colectivo *Sete de Biblos*, un libro que non recibiu demasiada atención, e talvez o libro enteiro tería merecido, baixo o meu punto de vista, algunha máis, aínda que é evidente que non todos os libros que se editan poden recibila e que é tarefa da crítica facer unha criba. Se cadra inflúen nesta consideración razóns afectivas. É un libro ao que lle teño un agarimo singular, porque é compartido con outros seis autores aos que aprecio e porque é un verdadeiro agasallo de Biblos aos gañadores do premio de novela, co que se pon peche á colección Mandaio.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non son consciente de facer nada que poida ser considerado unha teima, moito menos se falamos de cousas extravagantes ou raras. Si teño, talvez, certos hábitos que se foron instaurando sen eu me decatar, algúns deles singulares, como o de pendurar os textos nas paredes da casa para manipulalos fisicamente. Iso non o facía antes, entre outras cousas porque non tiña casa propia. Cando escribo de xeito continuado, un día enteiro ou varias horas seguidas, adoito poñer música de fondo, habitualmente unha mesma canción que se repite, bandas sonoras de películas, algo instrumental.

Polo xeral son bastante metódica, na escrita e en todo, e é certo que cada vez corrixo máis, ata o punto de resultar contraproducente ou de perder a perspectiva. Por iso sinto un pudor enorme ao ler os meus primeiros libros, cando era máis impulsiva e probablemente máis valente tamén.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Non me considero demasiado “antologable”. A palabra antoloxía sóame un pouco a “grandes éxitos” para nostálgicos dun tempo que xa foi e o tempo que vivo é o que comeza, non o que pasou. Ademais, dependería sempre do criterio que se empregase para a devandita antoloxía, e ese é sempre un terreo esvaradío. Porén, si me gustaría poder estar preto das escritas singulares, nas que observo unha proposta de autor, unha visión sobre o mundo, a que sexa, mais unha visión propia. E sobre todo, daqueles autores honestos co labor da escrita, que non collen atallos.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Creo que a miña evolución literaria foi da man dun proceso persoal e ideolóxico, longo e reflexionado, que é o compromiso coa miña propia identidade, un compromiso íntimo mais tamén colectivo no sentido de que escoller unha lingua non é só, para min, unha elección persoal, senón unha vontade de formar parte dunha tradición histórica e literaria, como escritora e como cidadá, que nalgún punto son esencialmente a mesma cousa.

Cando publiquei o primeiro libro, tiña unha perspectiva absolutamente inxenua sobre moitas cousas, certas teimas absurdas, provocadas por influxos externos, como o medo a posicionarse, o desexo de ser politicamente correcta, de confiar nesas historias do bilingüismo cordial e demais. Neste sentido o meu discurso mudou radicalmente con respecto ao comezo, talvez porque non teño xa dezanove anos nin complexos estúpidos dese tipo, e creo que me asiste o dereito a evoluir. Creo que é desexable e saudable para calquera.

Por iso me parece perigoso que se perpetúe esta perspectiva no ensino, a da cooficialidade, a da igualdade e o fifty-fifty, que se transmitan esas ideas coma se non houbera outras. É sintomático do mal endémico do país no que vivimos que non sexa posible que un libro de texto diga abertamente que o galego é a lingua propia e o castelán non o é, e que se considere esta unha verdade revolucionaria, como dicía Fran P. Lorenzo nunha ocasión. Non quero dicir con isto que desprece nin o castelán nin a súa tradición literaria. A poesía de Antonio Gamoneda, a de Valente, a de Pizarnik, o manexo do tempo de García Márquez, as entrevisións de Cortázar... forman parte do meu percorrido literario e persoal, claro, tamén *O principión*, tamén Paul Auster, tamén Baricco, tamén Anne Sexton, tamén Stefan Zweig, tamén Joan Margarit.

Todo isto vén a conto porque foi deixando, consecuentemente, unha pegada na evolución da miña poesía e da miña narrativa como unha procura do camiño da identidade. Coido que en *Raíz da fenda* está reflectido o primeiro paso desa procura, na súa dimensión íntima, vencellada á estirpe, á pertenza, ao desexo de descubrir quen somos, coa escrita como cerne desa busca, coa palabra poética como fractura. O que estou escribindo agora mesmo, case iniciando, é un segundo paso, unha dimensión xa de identificación colectiva, de recepción dunha herdanza, xa non quen son senón con quen, onde é que estamos o mar, o barco e máis nós.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Sempre que respondín unha pregunta deste estilo tiveron a sensación de que mentía, porque é inevitable esquecer libros que foron importantes, ás veces mesmo os máis importantes, que ficaban absolutamente integrados dentro de min. Podería dicir títulos, se queres (porque algo que si é certo é que son máis fiel aos libros que aos autores) e sen pensar demasiado porque sería un exercicio frustrante. Por exemplo a *Sétima soidade* ou o *Livro das devoracións* de Pilar Pallarés. O *Catálogo de venenos* de Marilar Aleixandre. *Arden las pérdidas* de Gamoneda. *Mandorla* de Valente. *Árbol de diana* de Pizarnik. *O libro da egoísta*, de Yolanda Castaño. *Os hemisferios* de María do Cebreiro. *Casa de orfas*, de Emma Pedreira. *Pornografía* de Lupe Gómez. Dixeran algúns, deixei moitos máis, autoras das que non son nin un poema nin un libro concreto os que me acompañan senón unha poética total, como Chus Pato.

Algo que si me apetece dicir é que me fixen lectora a partir da literatura infantil e xuvenil galega, así que creo que estes autores son os que máis decisivamente influíron no feito de que eu escriba. En concreto Antonio García Teijeiro e Agustín Fernández Paz.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Hai unha cousa que evidentemente nos sobra: o desleixo e o incumprimento da obriga de protección e promoción por parte das administracións públicas, tanto coa lingua como coa cultura. E outra cousa que nos falta: superar a fenda que existe entre os lectores para os que escribimos e nós. Decote teño a sensación de que escribo para un lector que non existe ou que existe de xeito absolutamente minoritario. Outras veces penso que escribo para que ese lector exista, desexando que exista.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Se soubese que o meu tempo se esgota non creo que reparase demasiado en remorsos. Non me concedo tanta importancia. Creo que o que non me perdoaría é ter escrito de máis. Teño certa reticencia a ler textos de autores que admiro que se publican postumamente, sobre todo os diarios, xa sexan persoais ou literarios, a escrita confesional ou os traballos inacabados.

Pregúntome nestes casos se non será unha traizón á súa vontade autorial, aínda que nos preste tantísimo a lectura por esa especie de curiosidade filolóxica morbosa.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Positiva, creo que é plural e rico. Inevitablemente algúns libros interésanme máis ca outros. Fuxo bastante da novela ou do poemario escritos para non incomodar, sen fallos mais tamén sen acertos nin luzadas. Isto non quere dicir que incomodar signifique para min o que talvez pode entenderse, porque realmente non existe nada máis canónico que a provocación cando é baleira. Creo, de todas formas, que non é o que máis abunda e que se cadra, polo tipo de sistema que temos, son moitas as obras afoutas, honestas e valentes, e mesmo aquelas cuxa proposta non é a miña, tamén me interesan.